

INFÓRMA te

PSEC

xuño 2023

**TODA A INFORMACIÓN DAS MESAS XERAL E SECTORIAL
DE PERSOAL FUNCIONARIO**



O poder de cambiar as cousas



O 12 de xuño de 2023 tiveron lugar as Mesas sectorial e xeral de empregados públicos nas que se trataron os seguintes temas:

MODIFICACIÓN DA RPT DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (GAIN)

Dende CCOO referendamos as alegacións xa achegadas por escrito e reiteramos os seguintes puntos máis salientables desta modificación de RPT:

- Solicitamos a retirada da proposta de amortización de prazas, ademais algunhas destas prazas están ocupadas. Dende CCOO reiteramos a nosa postura de que non se amorticen prazas con persoal independentemente de que estea de acordo ou non. Ademais nunha entidade na que en decembro se contrataron preto de 30 persoas temporais está claro que o problema é a falta de persoal e a solución pasa por contar con máis e mellores prazas, non con seguir afondando na destrución de emprego. Esta modificación de RPT supón a perda de postos de traballo fixos en Gain, créanse 9 prazas e para facelo amortízanse 12 prazas, o que supón unha destrución neta de emprego fixo. Isto é inaceptable.
- A praza de nova creación para a dirección da Área de coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas entendemos que non debe estar aberta nin á Administración Xeral do Estado nin ás demais administracións autonómicas, dentro da administración autonómica galega contamos con perfís perfectamente capacitados para cubrir esa praza. Non ten sentido que a estrutura da Área de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas sexa 1 director, 6 postos temporais cubertos con interinos e 2 postos “prestados” dende a área de Programas. Está claro que a esta proposta de modificación da RPT fáltalle moita definición.

MODIFICACIÓN DA RPT DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Dende CCOO ratificámonos nas alegacións xa presentadas, e resalta, que aínda que houbo reunións previas para negociar esta RPT, chama a atención que non foran recollidas pola Consellería ningunha das alegacións achegadas. A negociación é algo máis que dúas partes se senten detrás dunha mesa e cumprir un mero tramite.

Para CCOO resaltamos que esta RPT ten moitas eivas: destrución de emprego público, aperturas a outras administracións públicas e a persoal docente que non teñen explicación por moito que a Consellería intente xustificalas.

Poderíamos destacar algo positivo na creación do Centro Galego da Innovación da Formación profesional en Ourense. Pero aínda con isto, nos parece que dotar a este centro cun Xefatura de Negociado nivel 18 e dous postos da Agrupación profesional sexan suficientes para todas as funcións encomendadas.





ROGOS E PREGUNTAS

Política Social: convocada mesa sectorial e comisión de persoal para o mércores 14 de xuño na que se tratará a RPT de Política Social. Unha modificación de Relación de postos de traballo de carácter urxente polo peche temporal por obras da Residencia municipal de Maiores de Ribadeo. O concello chegou a un acordo coa Xunta para reubicar aos 28 residentes mentres duren as obras, que será un mínimo de 2 anos: se reparten entre a residencia de Burela e a das Gándaras (Lugo); os usuarios serán trasladados paulatinamente. Isto fai necesario incrementar o persoal nas dúas residencias.

Se fará unha RPT temporal ata que a situación volva á normalidade cando rematen as obras e os usuarios podan regresar á residencia de Ribadeo. Son en total 29 prazas.

Residencia de Burela:

- 14 auxiliares de enfermería
- 1 enfermeiro
- 1 oficial 2º cocina
- 1 camareiro- limpador
- TOTAL: 17 prazas

Residencia das Gándaras:

- 9 auxiliares de enfermería
- 1 enfermeiro
- 2 camareiros-limpadores
- TOTAL: 12 prazas

Horario de verán: remitirase a instrución que regula o horario de verán: do 15 de xuño ao 16 de setembro. Elección de destino diferentes procesos selectivos: As 23 prazas de auxiliares de clínica, creadas coa modificación da RPT da Consellería de Política social, serán ofertadas na elección de destino. En breve se remitirá o cadro completo.

Procesos selectivos Lei 20/21: o 13 de xuño saen publicadas no DOG as listaxes provisionais de 10 procesos selectivos da Lei 20/21 (2.200 admitidos) correspondentes a concurso- oposición de persoal laboral. Grupos III, IV e V. Nas semanas sucesivas irán saíndo as dos procesos restantes segundo se vaian rematando. Intentarase que neste mes finalicen a maioría de procesos, de xeito que os exames de galego podan convocarse en xullo ou setembro.

FISP: está pendente unha reunión coa Sanidade para ver as alegacións presentadas e enviar unha vez examinadas un novo texto coas incorporación das alegacións achegadas polas organizacións sindicais se fose o caso.

A “repesca” da funcionarización: a previsión é empezar a negociación antes de agosto e a convocatoria sairía en setembro.

Flexibilidade horaria e conciliación: a previsión é rematala este mes de xullo. Están estudando as alegacións achegadas.



Santiago de Compostela
Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 - 1.º
981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña
Avda. Alfonso Molina, km 2, 3.º
981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Lugo
Rolda da Muralla, 58 - 4.º
982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Pontevedra
Rúa Pasantería, 1 - 2.º
986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Ferrol
Rúa María, 42-44, 3.º
981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Ourense
Parque San Lázaro, 12 - 3.º
988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Vigo
Rúa das Teixugueiras, 11 Entrechán
986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco
Praza do Concello, 2 - 1.º
988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte
Roberto Baamonde s/n
982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es




ensino



Afiliate! É esencial.

www.ccooensino.gal